

PRESENTACIÓN

Coa súa primeira edición no ano 1992, o Memorial Carlos Servando é o evento pioneiro do salvamento deportivo en Galicia. Foi a primeira proba de salvamento que se celebrou na comunidade galega e que recollía probas propias desta disciplina que, nese intre, non era tan coñecida coma nos tempos que estamos a vivir.

Esta proba nace dous anos despois da creación do club SYSCA, organizador da mesma. Nel militaban os socorristas que coidaban e vixiaban aos bañistas da praia de Razo, no concello de Carballo. Entre este grande grupo de profesionais e amigos estaba Carlos Servando, o cal faleceu trágicamente nun accidente de tráfico. Ante esta circunstancia os seus compañeiros quixeron rendille unha homenaxe ao seu traballo como socorrista realizando un evento que, logo de moitos anos, segue a ter gran recoñecemento.

Queremos de este evento, conseguir que recolla os principios de axuda, colaboración, humanidade, humildade ... e todo aquilo que está asociado a importante e esencial figura de un socorrista acuático profesional, así que troncamos o aspecto individual e convertimos este evento nunha competición DE PROBAS DE RELEVOS.

Agardamos que este modelo de competición axude a integrar o aspecto esencial de colaboración e traballo en grupo para obter resultados óptimos, tanto deportistas como persoais e continuar así celebrando novas e exitosas edicións de este Memorial Carlos Servando.

AGARDAMOS A TUA PARTICIPACIÓN!



SYSCA

INSCRICIÓN

REQUISITOS

Para poder inscribirse no Carlos Servando 2019, é imprescindible que cada participante dispoña da súa correspondente licenza de deportista FESSGA-RFESS.

A organización resévese o dereito de invitar a participar a calquera persoa que teña ou tivese relación directa co club Sysca ou coa organización de anteriores edición do Carlos Servando, aínda que non estea en posesión da licenza federativa anteriormente mencionada. Neste eido, tamén se inclúe ao equipo de socorrismo das praias de Razo e Baldaio.

FORMALIZACIÓN das INSCRICIÓN e DATAS

A data e hora límite para a presentación das inscricións, será o venres día 20 de decembro do 2019 ás 12.00 h.

Para formalizar as inscricións, un responsable de cada club, deberá enviar os relevos e os nomes dos seus compoñentes ó seguinte email: sysca.club@gmail.com

A competición terá lugar o sábado día 28 de decembro na piscina municipal Carballo Calero, o concello de Carballo. A hora de inicio está prevista para ás 16.00 h., dando comezo co quencemento ás 15.00 h.

CATEGORÍAS

As categorías estableceránse segundo o regulamento de esta tempada 2019/2020:

XUVENIL (cadete +xuvenil) → Deportistas nados entre o 2004 e 2007

ABSOLUTO (xúnior + senior + máster) → Deportistas nados no 2003 e anteriores.

“Un deportista da categoría xuvenil pode subir e participar en equipos da categoría absoluta. Un absoluto NON pode baixar de categoría. O deportista que participe nunha proba como xuvenil non poderá facelo como absoluto nesa mesma proba, pero sí en outras probas.”

LÍMITE por CLUB

Cada club poderá inscribir en cada proba ata 3 equipos por categoría e sexo.

Se algún club ten deportistas que se queden fóra dos relevos, poderanse inscribir *relevos mixtos*, sempre previo aviso e non puntuarán.



SYSCA

PROBAS DE PISCINA

4x25 mtrs Arrastre Manequín

Proba actual. Segundo o regulamento RFESS

4x50 mtrs Obstáculos

Proba actual. Segundo o regulamento RFESS

4x50 mtrs Relevo Combinado

Proba actual. Segundo o regulamento RFESS

4x50 mtrs Relevo Mixto (*con buceo*)

Proba actual. Segundo o regulamento RFESS cunha lixeira modificación:

2º competidor -> 50 metros buceo con aletas. Non pode saír á superficie para coller aire. Antes de subir, deberá recoller o manequín afundido e entregarllo ó 3º relevista.

Non é preciso tocar a parede ó chegar, con coller o manequín e non perder o contacto con él ata que o 3º relevista o colla, é suficiente.

Non cumprir calquera norma descrita no regulamento Rfess supón motivo de descalificación do equipo.

Todos os matices de saídas, relevo e remolque seguirán o reflectido no regulamento Técnico de Competición

RFess.



SYSCA

PREMIACIÓN

Entregarase medalla ao relevo clasificado en primeiro lugar en cada una das probas según a categoría e sexo.

Entregarase un trofeo conmemorativo ós clubs que acaden as tres primeiras posición da clasificación xeral na suma total de puntos conseguidos.

O club que acade a 1º posición, proclamarase GAÑADOR DO MEMORIAL CARLOS SERVANDO 2019.



SYSCA

Carlos Servando

MEMORIAL 2019

SALVAMENTO
DEPORTIVO

28 de decembro
ás 16.00 h.

Piscina
Carballo Calero

Organiza



SYSCA



FEDERACIÓN DE SALVAMENTO
E SOCORRISMO DE GALICIA
FESSGA



conceal de
CARBALLO



Carballo Deporte



DEPORTE
GALEGO